

ORDENANZA MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN E FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS DE TELEFONÍA MÓBIL PERSONAL E OUTROS SERVICIOS DE TELECOMUNICACIÓNS E DE DIFUSIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O forte avance tecnolóxico e a liberalización do mercado experimentado nos últimos anos no campo das telecomunicacións tivo na telefonía móbil persoal unha das súas máis importantes repercusións, cun desenvolvemento tan considerable que, unido ó forte impacto que as súas instalacións teñen na paisaxe urbana e natural, e á carencia de normativa municipal específica, xustifican a elaboración e aprobación por parte deste Excmo. Concello de Vilalba dunha Ordenanza Municipal propia para estes fins.

O proceso de implantación das operadoras e o rápido crecemento do mercado están creando unha serie de disfuncións que, como se dixo, provocan a necesaria intervención da Administración Local neste proceso.

Ademais do alto nivel de incidencia que a instalación das diferentes operadoras está xerando dentro da paisaxe urbana e rural, non debe deixarse de lado a adopción de certas cautelas en relación coa saúde dos cidadáns.

Así, esta Ordenanza ten como obxectivo regula-las condicións urbanísticas aplicables á localización, instalación e funcionamento dos elementos e equipos de telecomunicación, sempre dende a busca da maior protección tanto medioambiental como sanitaria.

En todo caso, a Administración favorecerá aquelas infraestructuras que produzan un menor impacto visual e ambiental sobre o entorno, velando para que as instalacións ofrezan un mínimo de garantía de salubridade na súa área de influencia.

Encontrámonos ante unha Ordenanza de carácter urbanístico, sen esquecer a incidencia real das súas determinacións sobre outras áreas e competencias municipais de distinta orde.

Considerando o informe que en relación coa perigosidade para a saúde humana das antenas base de telefonía móbil emitiu a Consellería de Sanidade e Servicos Sociais de data 9/10/ 2000 elaborado sobre os valores límite de exposición da densidade de potencia de radiacións electromagnéticas non ionizantes establecidos por distintos organismos, tales como o *Institute*

of Electronic and Electronics Engineers and American National Standards Institute, International Commission on Non Ionizing Radiation Protection (ICNIRP), National Council on Radiation Protection and Measurements, Comité Européen de Normalization Electrotechnique, International Radiation Protection Association, Federal Communications Commission.

Os concellos encóntranse lexitimados para emitir este tipo de Ordenanza segundo as competencias en materias como a ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística (art.25.2.d.da *Lei 7/1985*, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o patrimonio histórico-artístico (art.25.2.e.), a protección do medio ambiente (art.25.2.f.), ou a salubridade pública (art.25.2.h.).

Ó abeiro do disposto nos artigos 168 da *Lei 1/1997*, do 24 de marzo, do solo de Galicia e o art. 10 do *Decreto 28/7999*, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o *Regulamento de disciplina urbanística*, someterase a licenza municipal a instalación no noso termo municipal de elementos e equipos de telecomunicación.

Sen prexuízo da regulación urbanística municipal que se contén nesta Ordenanza, será plenamente aplicable e de obrigado cumprimento a normativa sectorial específica reguladora do sector das telecomunicacións, que se constitúe na actualidade, basicamente, pola *Lei 11/1998*, do 24 de abril, xeral de *telecomunicacións*, así como o *Real decreto de 1066/2001*, do 28 de setembro, polo que se aproba o *Regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restriccións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas*.

O artigo 62 da *Lei 11/1998*, establece que o Goberno desenvolverá regulamentariamente as condicións de xestión do dominio público radioeléctrico, precisándose que no dito regulamento se deba incluír o procedemento de determinación dos niveis de emisión radioeléctricos tolerables.

Este mandato foi debidamente atendido a través do xa referido *Real decreto 1066/2001*, o cal establece uns límites de exposición, referidos ós sistemas de radiocomunicacións, baseados na *Recomendación do Consello da Unión Europea*, do 12/07/1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos. Ademais o *Regulamento* prevé mecanismos de seguimento dos niveis de exposición, mediante a representación de certificacións e informes por parte dos operadores de telecomunicacións, así como a realización de plans de inspección.

Da Ordenanza deberanse destacar, ademais os seguintes puntos:

- A obriga de presentar un programa de desenvolvemento para as operadoras que teñan a función de prover ós concellos de información necesaria para tomar decisións.
- Establecer o uso conxunto de infraestruturas entre as operadoras, alí onde sexa tecnicamente axeitado, especialmente en solo non urbanizable.
- Establecer limitacións de implantación por impacto paisaxístico e por criterios de non afectación á saúde das persoas, por afectación de núcleos históricos ou por obsolescencia tecnolóxica.
- Impoñer a normativa vixente sobre seguridade para as persoas deste tipo de instalacións.
- Incorporar, en futuras revisións da normativa, os requisitos técnicos e de distancias que establezan no futuro os estudos contrastados sobre os efectos das microondas na saúde das persoas.
- Entrementres, establécese a obriga, para as operadoras, de xustificar a adecuación das distancias en relación coas edificacións existentes, de xeito que se garanta suficientemente que a súa implantación resulte inocua para a saúde.

Incorpórase á presente Ordenanza, como parte integrante dela, un anexo no que se establecen, en todo caso, as distancias mínimas de tolerancia.

En definitiva, a Ordenanza Municipal debe servir para impoñer os parámetros fundamentais da relación concello-operadoras de telecomunicación, en canto ó uso do dominio público ou privado, do espazo para instalar elementos de radiocomunicación, concretamente, no que ó tema das taxas se refire.

Por último, sinalar que a intervención administrativa municipal no ámbito ambiental pode quedar condicionada á actuación normativa da Xunta, mediante a comisión correspondente, que determinará a incorporación definitiva deste tipo de instalacións ó anexo ou anexos máis apropiados do *Decreto 2414/1961* de 30 de novembro, polo que se aproba o *Regulamento de actividades molestas, nocivas, insalubres e perigosas*.

CAPÍTULO I.

Disposicións Xerais.

Artigo 1. Obxecto.

A presente Ordenanza regula as condicións de emprazamento e instalacións da infraestrutura de telecomunicacións no Concello de Vilalba, constituídas por instalacións de telefonía móbil persoal e outros servicios de telecomunicacións e de difusión, coa fin de compatibilizar a funcionalidade de tales elementos e equipos e a utilización polos usuarios dos servicios de telecomunicación cos niveis de calidade requiridos coas esixencias de preservación da paisaxe urbana e natural e de minimización da ocupación e o impacto que a súa implantación poidan producir.

Todo isto a través do establecemento das condicións de protección do dominio público radioeléctrico, a autorización, planificación e inspección de instalacións radioeléctricas en relación cos límites de exposición ás emisións, a avaliación de equipos e aparatos e o réxime sancionador aplicable. Así mesmo, establécense os límites de exposición para a protección sanitaria e a avaliación de riscos por emisións radioeléctricas.

Artigo 2.

A instalación de equipos e elementos de telecomunicacións, ten que estar expresamente autorizada polo Concello de Vilalba, e estará suxeita ó cumprimento das condicións que se establezan nesta Ordenanza, a que determinará cales destas instalacións serán suxeitas á previa licencia municipal e ó procedemento administrativo pertinente.

Artigo 3.

Por medio desta Ordenanza dotarase de regulación á esixencia da taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no dominio público local a favor das empresas explotadoras de servicios de subministros.

Artigo 4. Finalidades

Esta Ordenanza ten por finalidades:

- a) A protección da saúde dos cidadáns ante as posibles consecuencias que as ondas electromagnéticas poden ocasionar sobre ela.
- b) A harmonización do despregue das redes de radiocomunicación coa finalidade de protexer o medioambiente.
- c) A integración das estacións base de telefonía móbil e outras estacións de radiocomunicacións no entorno urbanístico e territorial.

SECCIÓN PRIMEIRA

CONDICIÓN DE INSTALACIÓN

CAPÍTULO II.

Programa de implantación e de desenvolvemento.

Artigo 5.

As operadoras de radiocomunicación estarán suxeitas á aprobación dun Plan de Implantación e Desenvolvemento do conxunto de toda a rede que contemple as estacións fixas que xa existen e as previsións de implantación e desenvolvemento do conxunto de toda a súa rede dentro do termo municipal.

O dito Plan proporcionará a información necesaria para a adecuada integración destas instalacións na ordenación medioambiental e territorial e asegurará o cumprimento das limitacións que se establecen na lexislación vixente.

Artigo 6. Contido do Plan de Implantación e Desenvolvemento

1. Con carácter xeral:

- a. Esquema xeral da rede, indicando os principais modos e localización da cabeceira, enlaces e posibles alternativas.
- b. Descrición dos servizos prestados e tecnoloxías utilizadas.
- c. Programa e calendario de execución das novas instalacións.

2. Para cada emprazamento:

- a. Disposición do terreo, accesos e subministros.
- b. Cualificación urbanística do solo, afeccións medioambientais e do patrimonio histórico-artístico.
- c. Posibilidade de uso compartido.
- d. Definición da tipoloxía das instalacións para cada emprazamento, mencionando: a xustificación da solución técnica proposta, a altura do emprazamento e a altura das antenas do sistema radiant, a área de cobertura, a marxe de frecuencias e potencia de emisión, o número e tipo de antenas, así como calquer outro requisito de carácter técnico esixido pola lexislación vixente.

- e. Previsión das áreas de nova implantación de equipos xustificando a cobertura territorial prevista.
 - f. Incidencia dos elementos visibles da instalación sobre os elementos que se consideran protexidos e que afecten á paisaxe urbana ou ó entorno medioambiental nos supostos nos que o emprazamento se realice en solo non urbanizable.
3. A información gráfica sinalará os lugares de emprazamento, con coordenadas UTM e sobre a cartografía seguinte:
- a) A escala 1:25.000 para instalacións que se empracen na demarcación non urbana.
 - b) A escala 1:2.000 para as instalacións que se empracen na demarcación urbana.
4. A presentación do Plan de Implantación e Desenvolvemento farase por triplicado e deberá acompañarse da correspondente solicitude cos requisitos formais de carácter xeral que determina a *Lei 30/1992*, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7. Criterios de Implantación.

Na planificación das instalacións radioelétricas, os seus titulares deberán ter en consideración, entre outros criterios, os seguintes:

- a) O emprazamento, características e condicións de funcionamento das estacións radioelétricas, deben minimizar os niveis de exposición do público en xeral ás emisións radioelétricas con orixe tanto nestas como, no seu caso, nas terminais asociadas a elas, mantendo unha adecuada calidade do servizo.
- b) As instalacións deberán de utilizar a mellor tecnoloxía dispoñible, sempre que sexa compatible coa minimización do impacto visual e medioambiental.
- c) Os Plans de Implantación faranse axustar ós correspondentes proxectos técnicos, aprobados polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, cando se trata de servizos finais ou portadores e de difusión segundo o que prevén os artigos 13, 14, 17, 25 e 26 da *Lei de ordenación das telecomunicacións*.
- d) As empresas operadoras presentarán o seguro de responsabilidade civil que sexa esixible tal e como dispón a lexislación vixente en materia de telecomunicacións.

- e) No caso de instalar estacións radioelétricas en cubertas de edificios residenciais, os titulares das instalacións radioelétricas procurarán, sempre que sexa posible, instalar o sistema emisor de maneira que o diagrama de emisión non incida sobre o propio edificio, terraza ou ático.
- f) A compartición de emprazamentos podería estar condicionada pola conseguinte concentración de emisións radioelétricas.
- g) De maneira particular, o emprazamento, características e condicións de funcionamento das estacións radioelétricas debe minimizar, na maior medida posible, os niveis de emisión sobre espazos sensibles, tales como, escolas, centros de saúde, hospitais ou parques públicos.

Artigo 8. Tramitación

O Plan de Implantación será sometido a información pública por un termo mínimo dun mes, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e no *Boletín Oficial* da Provincia, un diario de gran circulación e no taboleiro de anuncios municipal. Os gastos que xeren estas publicacións correrán a cargo do solicitante.

Na tramitación será preceptivo o informe favorable de quen teña atribuídas as competencias urbanísticas e medioambientais do Concello.

A competencia para resolver a petición corresponde ó alcalde ou ó órgano que legalmente teña atribuída a competencia para o outorgamento das licencias de actividades.

A aprobación deste Plan de Implantación será condición indispensable para que os municipios poidan outorgar as licencias pertinentes para o establecemento das instalacións. A concesión dunha licenza municipal sen a previa aprobación administrativa do Plan será nula de pleno dereito.

Artigo 9. Actuación e modificación do Plan de Implantación.

As operadoras deberán comunicar calquera modificación ó contido do Plan de Implantación presentado, solicitando, no seu caso, ó órgano competente para a súa aprobación a actualización e correspondente aprobación deste para poder facer efectivos os ditos cambios.

Artigo 10. Vixencia.

Os Plans de Implantación terán unha vixencia de dous anos. Unha vez transcorrido este tempo, os operadores adaptarán o Plan ou presentarán un novo de cobertura actualizada.

En todo caso, non se autorizará ningunha instalación que non cumpra as determinacións que se establecen no anexo que se incorpora á presente Ordenanza. *(este párrafo non é de aplicación ó quedar suprimido o anexo)*

CAPITULO III.

Límites de exposición, condicións tecnolóxicas de protección ambiental e de seguridade das instalacións.

Artigo 11. Límites de exposición ás emisións radioelétricas. Restriccións básicas e niveis de referencia.

En cumprimento do que se dispón no artigo 62 da *Lei 11/1998*, de 24 de abril, *xeral de telecomunicacións*, e en desenrolo da *Lei 14/1986*, de 25 de abril, *xeral de sanidade*, segundo a *Resolución do Consello de Ministros de Sanidade da Unión Europea*, de 12/07/1999, e coa fin de garantir a axeitada protección da saúde pública en xeral, aplicaranse os límites de exposición que figuran no Anexo II do *Real decreto 1066/2001*, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioelétrico.

Os límites que se establezan cumpriranse nas zonas nas que poidan permanecer habitualmente as persoas e na exposición ás emisións dos equipos terminais, sen prexuízo do disposto noutras disposicións específicas no ámbito laboral.

Artigo 12. Normas de protección ambiental. Prohibicións e limitacións ás instalacións.

Con carácter xeral, e, sen prexuízo da normativa específica, non poderán establecerse instalacións de radiocomunicación nos bens inmobles de interese cultural declarados monumentos pola *Lei do patrimonio histórico* e nos espazos naturais protexidos cualificados coa categoría de microreservas e monumentos naturais pola *Lei de conservación da natureza*.

Limitaranse as instalacións nos conxuntos histórico-artísticos, zonas arqueolóxicas e xardíns declarados como bens de interese cultural, así como no resto de categorías de espazos naturais protexidos, e obrigarase a incorporar as

medidas de mimetización ou as solucións específicas que minimicen o espazo visual.

Artigo 13. Outras restriccións ós niveis de emisións radioeléctricas.

Sen prexuízo da remisión que se realizou no artigo 10 ós límites de exposición ás emisións radioeléctricas contempladas no artigo 6 do *Real Decreto 1066/2001* a dita estación radioeléctrica virá limitada nos seus niveis de emisión por calquera das seguintes condicións:

- a) A existencia de interferencias prexudiciais ou incompatibilidades con outros servizos de telecomunicacións previamente autorizados ou con outros servizos públicos esenciais.
- b) As limitacións impostas polo Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias.
- c) A existencia, fóra da zona de servizo autorizada da estación de niveis de intensidade de campos electromagnéticos superiores ós máximos establecidos.

Artigo 14.

O Concello, de forma xustificada, por razóns urbanísticas, medioambientais ou paisaxísticas, e dando audiencia ós interesados, establecerá a obriga de compartir emprazamento por parte das diferentes operadoras, seguindo os trámites que se prevén na normativa estatal sobre a utilización compartida de instalacións de telecomunicacións segundo os plans de desenrolo propostos. En todo caso, a obriga de compartir pódese desestimar se as operadoras xustifican a imposibilidade técnica ou o Concello considera que o impacto medioambiental ou visual do uso compartido poida ser superior ó de instalacións de radiocomunicación que se pretendan instalar separadamente. No caso do uso compartido, o custe deste deberá asumirse integramente polas empresas operadoras de servizos de radiocomunicación, exercendo o Concello funcións de arbitraje en caso de desacordo.

CAPÍTULO IV

Réxime xurídico das licencias sometidas a esta ordenanza

Artigo 15. Determinados requisitos para a autorización referidos ás actividades cualificadas.

1. Os operadores que establezan redes soporte de servicios de radiodifusión sonora e televisión e os titulares de licencias individuais, presentarán un estudio detallado, realizado por un técnico competente, que indique os niveis de exposición radioelétrica en áreas próximas as súas instalacións radioeléctricas nas que poidan permanecer habitualmente persoas.

Os mencionados niveis de exposición, valorados tendo en conta o entorno radioelétrico, deberán cumprir os límites que se establecen no Anexo II do *Real Decreto 1066/2001*, ó que xa nos remitimos no artigo 10 desta Ordenanza.

O citado estudio presentarase ante o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, e incorporarase no proxecto ou proposta técnica necesarios para solicitar a autorización das instalacións radioeléctricas, segundo o que se establece no capítulo I, Título III, da Orde de 9/03/2000, pola que se aproba o regulamento de desenrolo da *Lei 11/1998, de 24 de abril, xeral de telecomunicacións*, no relativo ó uso do dominio público radioelétrico.

2. Os operadores e titulares de licencias individuais presentarán, simultaneamente, e de xeito complementario, ó estudio citado, un proxecto de instalación de sinalización e, no seu caso, un valado que restrinxa o acceso do persoal non profesional ás zonas nas que puideran superarse as restriccións establecidas no xa referido Anexo II. A dita sinalización ou valado instalarase antes de poñer en servicio a instalación radioelétrica.

3. Sen prexuízo do que se establece no apartado primeiro deste artigo, a aprobación definitiva das instalacións estará condicionada a non superar os límites de exposición xa especificados.

4. Non poderán establecerse novas instalacións radioeléctricas ou modificarse as que xa existen cando o seu funcionamento supoña a superación dos límites de exposición permitidos.

Artigo 16.

Na solicitude e tramitación das licencias urbanísticas para as instalacións de radiocomunicación en calquera clase de solo, a mencionada licencia soamente se poderá outorgar despois de aprobar o Plan de Implantación e sempre que este Plan se axuste ás súas previsións ou ás progresivas actualizacións.

Artigo 17. Suxeición á licencia.

1. Segundo o artigo 168 da *Lei 1/1997*, de 24 de marzo, do *solo de Galicia (LSG)*, e o artigo 10 do *Decreto 28/1999*, de 21 de xaneiro, polo que se aprobou o *Regulamento de disciplina urbanística* para o desenrolo e aplicación do LSG, estará sometida a licenza municipal á instalación con obra, no seu caso, dos equipos de telecomunicación.

2. Para os efectos que se prevén nesta Ordenanza, as actividades nela reguladas clasifícanse en:

- Actividades inocuas.
- Actividades cualificadas

3. Son actividades inocuas aquelas que teñen por obxecto instalar antenas de telefonía de reducidas dimensións, estacións para usuarios de telefonía fixa con acceso vía radio, contedores de nodos finais de redes de telecomunicacións por cable, antenas receptoras de sinais de radiodifusión sonora e televisión, estacións de radioaficionados, así como instalar cables en fachadas ou canalizacións pertencentes a redes de telecomunicacións por cable.

4. Son actividades cualificadas as actuacións que teñen por obxecto instalar estacións de base de telefonía, así como aquelas que teñen por obxecto instalar os equipos e elementos que pertencen a estacións emisoras, repetidoras, reemisoras dos servizos de radiodifusión sonora e televisión e instalar estacións de radioenlaces e radiocomunicacións para uso exclusivo dunha sola entidade.

Artigo 18. Licencias en solo non urbanizable.

Requisitos para pedir e tramitar as solicitudes de licenza urbanística para as instalacións de radiocomunicación en solo non urbanizable.

1. A tramitación axustarase ó que se establece nesta Ordenanza con carácter xeral, coa salvedade que se refire o apartado seguinte.

2. O Concello trasladará o expediente ó Órgano da Consellería de Política Territorial e Urbanismo competente na materia. O Concello emitirá un dictame sobre as solicitudes de licenza en solo non urbano e nel farase constar todo o referido ó impacto ou afectación da instalación sobre o medio e a proximidade a vivendas ou zonas habitadas. O informe será

negativo se non se cumpren como mínimo, as distancias esixidas para as instalacións en solo urbano.

Artigo 19. Disposicións particulares aplicables ás actividades cualificadas.

1. Ademais da documentación requirida con carácter xeral polas normas do procedemento do PGOU que será necesaria e congruente coa natureza e características da instalación de que se trate, requirirase que se presente o proxecto técnico asinado por un técnico competente e revisado polo correspondente colexio profesional e incluírase, como mínimo, a seguinte documentación.

1.1 O estudo de cualificación ambiental, que describa con detalle a posible incidencia da súa implantación e o funcionamento no medio natural exterior e interior das edificacións e construcións do seu entorno, con indicación dos seguintes datos:

- Acreditación do cumprimento das normas e directrices dictadas polos órganos competentes da Administración do Estado en materia de saúde ambiental. Para estes efectos, aportarase a xustificación da aprobación do proxecto técnico polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía.
- Impactos ambientais producidos por ruídos e vibracións e pola expulsión forzada de aire quente ou viciado.
- Impacto visual na paisaxe arquitectónica urbana
- Medidas correctoras que se propoñen adoptar para eliminar os ditos impactos e o grao de eficacia previsto.

1.1 Documentación gráfica ilustrativa do impacto visual da instalación dende o nivel da vía pública e xustificativa da localización e da solución da instalación na que se inclúan:

a) Fotomontaxes:

- Frontal de instalación (cando fose posible)
- Lateral dereito: dende a beirarrúa contraria da vía, a 50 metros da instalación.
- Lateral esquerdo: dende a beirarrúa contraria da vía, a 50 metros da instalación.

Se o estimasen procedente os servizos técnicos municipais, deberá aportarse ademais, unha simulación gráfica do impacto visual dende a perspectiva da visión do viandante ou dende outros puntos.

b) Plano, a escala axeitada, da localización da instalación e do trazado cabreado (a súa situación nos trazados verticais

e horizontais), se se realiza a instalación na fachada exterior.

- 1.1 Farase referencia ó Plan de Implantación, anteriormente aprobado, que contemple as características da instalación para a que se solicita a licencia.
- 1.2 Medidas correctoras adoptadas para a protección contra as descargas eléctricas de orixe atmosférico.
- 1.3 Declaración ou compromiso de manter a instalación en perfectas condicións de seguridade, estabilidade e ornamentación.

2. Será preceptivo o informe favorable dos servicios municipais competentes en materia de medio ambiente, de patrimonio histórico e estética urbana e, cando proceda, segundo a normativa sectorial aplicable, o informe dos órganos ou as institucións competentes en materia de protección do patrimonio histórico-artístico natural.

Artigo 20. Disposicións particulares aplicables ás actividades inocuas.

1. Coas solicitudes de licencia relativas ás actividades definidas como inocuas e que, segundo o artigo 17 desta Ordenanza precisen de licencia municipal, aportarase a seguinte documentación:

- a) Solicitud de impreso regulamentario
- b) Memoria descriptiva e xustificativa das obras e instalacións con fotomontaxes e simulación gráfica do impacto visual na paisaxe arquitectónica urbana.
- c) Planos a escala axeitada das obras e das instalacións, da localización da instalación na construción ou no edificio e do trazado do cabreado se a instalación proxectada se realizara na fachada exterior.
- d) Certificación da acreditación oficial da empresa responsable das obras e instalacións.

2. Concederanse simultaneamente a licencia que autorice as obras e a que autorice a instalación e o funcionamento da actividade ou instalación nas condicións reflectidas no documento da licencia, sen prexuízo das comprobacións que a Administración Municipal considere procedente realizar no exercicio das facultades de control e de disciplina que a normativa vixente lle outorga.

Artigo 21. Disposicións de carácter xeral.

1. A documentación que se achegará á solicitude, da que se axuntarán tres copias, presentárase no rexistro xeral do Concello. Esta documentación acompañarase da documentación acreditativa do cumprimento das obrigas tributarias que determinen as Ordenanzas Fiscais correspondentes.

2. A falta desta documentación a que fai referencia o artigo anterior deberá solucionarse no prazo de 10 días a partir da notificación que sobre estes efectos emita o Concello ó interesado. A non subsanación dentro do prazo comportará desestimar a solicitude.

3. Conferirase un trámite de audiencia ós interesados que poidan resultar afectados polo outorgamento da licenza.

4. As licencias para instalar servizos de radiocomunicación poderán revisarse a instancia do Concello cando transcorran, como mínimo, dous anos dende a súa autorización á última revisión, sempre que a evolución tecnolóxica faga posible aplicar solucións que diminúan o impacto visual ou as modificacións do entorno fagan necesario reducir aquel impacto.

5. A competencia para resolver a petición correspóndelle ó alcalde-presidente. A resolución concedendo ou denegando a licenza urbanística deberá dictarse no prazo dun mes dende a entrada da solicitude no rexistro. O cómputo do prazo de resolución quedará en suspenso durante o prazo que se conceda ó interesado para solucionar deficiencias, o prazo de suspensión non poderá exceder de tres meses.

CAPÍTULO V

Inspección, revisión e conservación

Artigo 22. Inspección e certificación das instalacións radioelétricas.

1. Será requisito previo á utilización do dominio público radioelétrico por parte dos operadores, a inspección ou recoñecemento satisfactorio das instalacións polos servizos técnicos do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, nos termos que se establecen no artigo 65 da *Lei 11/1998*, de 24 de abril, *xeral de telecomunicacións*.

2. As instalacións radioelétricas realizaranse por instaladores de telecomunicacións inscritos, para o tipo correspondente de telecomunicación, segundo o que se dispón no *Real decreto 279/1999*, de 22 de febreiro, polo que se aproba o

regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso ós servizos de telecomunicación no interior dos edificios e da actividade de instalación de equipos e sistemas de telecomunicacións.

3. Os titulares das licencias individuais, deberán remitir ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, no primeiro trimestre de cada ano natural, unha certificación emitida por un técnico competente de que se respectaron os límites de exposición que se establecen no artigo 10 desta Ordenanza durante o ano anterior. Este Ministerio poderá ampliar esta obriga a titulares doutras instalacións radioeléctricas.

Artigo 23. Conservación e revisión.

Os operadores están obrigados a manter as súas instalacións nas debidas condicións de seguridade, estabilidade e conservación, así como a incorporar as melloras tecnolóxicas que aparezan e contribuír a reducir os niveis de emisión dos sistemas de radiantes e a minimizar o impacto ambiental e visual segundo os fins desta Lei.

Os operadores terán que revisar as instalacións anualmente, e notificar no prazo de tres meses á Consellería competente a acreditación da dita revisión.

Os titulares das instalacións estarán obrigados a emendar as deficiencias de conservación nun prazo máximo de 15 días a partir da notificación da irregularidade. Cando existan situacións de perigo para as persoas ou bens, as medidas deberanse adoptar de forma inmediata.

Nos supostos de cese definitivo da actividade ou existencia de elementos da instalación en desuso, o operador, ou no seu caso, o propietario das instalacións deberán realizar as actuacións necesarias para desmantelar e retirar os equipos de radiocomunicación ou os seus elementos, e deixar o terreo, a construción ou o edificio que sirva de soporte á dita instalación, no estado anterior ó seu establecemento.

Cando os servizos municipais detecten un estado de conservación deficiente, comunicaránllelo ós titulares da licenza para que adopten as medidas oportunas no prazo de 15 días ou inmediatamente en caso de urxencia. De non ser así, a instalación poderá ser retirada polos servizos municipais, a cargo do obrigado.

Artigo 24. Obrigados ó cumprimento.

Quedan especificamente obrigados ó cumprimento da presente Ordenanza as empresas operadoras de telefonía móbil persoal e doutros servicios de telecomunicación e difusión, e os titulares das instalacións e antenas.

En caso de incumprir os preceptos desta Ordenanza, os servicios técnicos municipais poderán ordenar que se adopten as medidas que restauren a legalidade infrinxida, segundo o que establece o *Regulamento de disciplina urbanística de Galicia* e demais normativa urbanística aplicable.

As ordes de desmontaxe e retirada das instalacións de antenas realizaranas empresas titulares da instalación no prazo máximo de 15 días ou inmediatamente en caso de urxencia.

As medidas de execución subsidiaria son independentes e compatibles coas que se poidan impoñer en concepto de sanción.

CAPÍTULO VI

Réxime de protección da legalidade e sancionador das infraccións.

Artigo 25. Protección da legalidade.

1. As accións ou omisións que vulneren o que se dispón nesta Ordenanza poderán motivar a adopción das medidas que a continuación se establecen:

- a) Restitución da orde urbanística vulnerada
- b) Imposición de multas ós responsables trala tramitación do correspondente procedemento sancionador.

2. En todo caso, a Administración Municipal adoptará as medidas tendentes a repoñeros bens afectados ó estado anterior á produción da situación ilegal.

Artigo 26. Infraccións e sancións.

As sancións ou omisións que vulneren o que se dispón nesta ordenanza respecto das normas urbanísticas sobre localización, instalación e funcionamento dos equipos de telecomunicación constitúen infraccións urbanísticas que serán sancionadas segundo o que se establece na normativa urbanística vixente e nos artigos seguintes.

Artigo 27. Clasificación das infraccións.

1. As accións ou omisións que vulneren o que se dispón nesta Ordenanza constitúen infraccións urbanísticas que poden ser cualificadas como moi graves, graves ou leves:

2. Son infraccións moi graves:

- A construción de instalacións que non estean incluídas nos Plans de Implantación.
- funcionamento da actividade superando os niveis máximos de emisión de radiacións e distancias de seguridade legalmente vixentes.

3. Son infraccións graves:

- a) A instalación con obras, no seu caso, sen licencia dos equipos de telecomunicación ós que se refire o artigo 17 desta Ordenanza.
- b) O funcionamento da actividade cos seus equipos de comunicacións ós que se refire o artigo 17.4 desta Ordenanza sen respectar as condicións que figuren incorporadas á autorización ou licencia concedida.
- c) O incumprimento dos deberes de conservación, certificación, revisión e retirada das instalacións dos equipos de telecomunicacións ós que se refiren os artigos 22 e 23 desta Ordenanza.
- d) O incumprimento dos prazos de adecuación das instalacións existentes que se establecen na Disposición Transitoria Única do *Real decreto 1066/2001*, de 28 de setembro.

4. Son infraccións leves:

- a) As accións ou omisións que vulneren o disposto nesta Ordenanza relativas á instalación de equipos de telecomunicacións ós que se refire o seu artigo 16.3
- b) En todo caso, cando no procedemento sancionador se demostre a escasa entidade do dano producido ós intereses xerais, as accións ou omisións que vulneren o disposto nesta Ordenanza serán cualificadas como infraccións leves.

Artigo 28. Sancións.

1. A determinación das sancións que corresponda impoñer por unha comisión das infraccións tipificadas nesta ordenanza realizaranse da seguinte maneira:

- a) Sancionarase con multa do 1% ó 5% do valor da obra, instalación ou actuación realizada, a comisión das infraccións leves ás que se refire o artigo 27.4 da Ordenanza.
- b) Nos supostos que se prevén no seu artigo 27.3 aplicaranse as seguintes:
- ❑ Serán sancionados con multa do 1% ó 15% do valor das obras complementarias que fose necesario realizar para cumprir os deberes que se contemplan nos artigos 22 e 23 desta Ordenanza, calculado polos servicios técnicos municipais.
 - ❑ Serán sancionados con multa do 5% ó 15% do valor da instalación, calculado polos servicios técnicos municipais, quen realicen as actuacións que se prevén nesta ordenanza sen licencia, sempre que as ditas actuacións fosen legalizables.
 - ❑ Serán sancionadas con multa do 15% ó 30% do valor da instalación, calculado polos servicios técnicos municipais, quen realicen as actuacións que se prevén nesta ordenanza sen licencia, sempre que as ditas actuacións non fosen legalizables.
 - ❑ Serán sancionados con multa do 15% ó 30% do valor da instalación, calculado polos servicios técnicos municipais, quen non adecúen as instalacións existentes dentro dos prazos que se establecen na Disposición Transitoria Única do Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro.
- c) Sancionarase con multa do 30% ó 50% do valor da obra, a instalación a actuación realizada, ou a comisión das infraccións moi graves ás que se refire o artigo 27.2 da Ordenanza

As actuacións reguladas nesta Ordenanza que a pesar de estar amparadas nunha licencia, se realicen en contra das condicións por ela impostas serán consideradas, para os efectos de aplicación do réxime de protección da legalidade e sancionador das infraccións correspondentes, como actuacións sen licencia e se imponse a sanción segundo os criterios que se establecen nos apartados anteriores.

Artigo 29. Suxeitos responsables

Das infraccións ás que fai referencia esta Ordenanza serán responsables solidariamente:

- a) A empresa instaladora ou a persoa física ou xurídica que dispuxera a colocación da instalación.
- b) O director técnico das obras da instalación.

c) O propietario ou comunidade de propietarios do edificio ou terreos onde se sitúa a antena e demais elementos de instalación.

Artigo 30. Criterios para a graduación das sancións.

Para a graduación das sancións a aplicar consideraranse os seguintes criterios:

- a) A existencia ou non de intencionalidade.
- b) O resarcimento dos posibles prexuízos ocasionados con anterioridade ó acordo do inicio do expediente sancionador.
- c) A subsanación das deficiencias que causan as infraccións durante a tramitación do expediente sancionador.
- d) A natureza dos prexuízos ocasionados.
- e) A reincidencia, entendendo por tal cometer máis dunha infracción da mesma natureza, no termo dun ano a contar dende a firmeza da resolución da primeira.

Artigo 31. Suspensión do funcionamento da instalación.

Por razóns de seguridade, a Administración poderá acordar, como medida provisional durante a tramitación do procedemento ou antes do seu inicio, a suspensión do funcionamento da instalación.

Artigo 32. Aplicación das sancións e prescrición.

No relativo á aplicación das sancións que se prevén nesta Ordenanza, e á prescrición das infraccións tipificadas nela, atérase ó establecido sobre o particular na normativa urbanística vixente en Galicia e na restante normativa de aplicación.

SECCIÓN SEGUNDA

TAXAS POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA E APROVEITAMENTO ESPECIAIS CONSTITUÍDOS EN DOMINIO PÚBLICO LOCAL.

Artigo 33.

A taxa esixirase pola utilización privativa ou aproveitamento especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor das empresas operadoras de telefonía móbil persoal e doutros servizos de

telecomunicación ou difusión de imaxes, sons, textos, gráficos ou combinacións deles que se presten ó público no seu domicilio ou dependencias de forma integrada mediante redes de cable. En calquera caso, estes servicios afectarán á xeralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

Artigo 34.

Son suxeitos pasivos da taxa reguladora nesta Ordenanza as persoas físicas e xurídicas titulares das empresas aludidas no seu artigo anterior.

Artigo 35.

Cando se trate de taxas por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, o importe daquelas consistirá, en todo caso, e sen ningunha excepción, no 1,5% dos ingresos brutos que proceden da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal as referidas empresas.

As cantidades que por estas taxas tivera que satisfacer *Telefónica de España, SA*, consideraranse integradas, na compensación en metálico de periodicidade anual que esta compañía debe aboar ós concellos, segundo o artigo 4 apartado 1 da *Lei 15/87*, de 30 de xullo, na súa nova redacción dada no apartado 2 da Disposición Adicional oitava da *Lei 39/88*

Artigo 36.

- 1) Terán a consideración de ingresos brutos que proceden da facturación obtida anualmente no termo municipal os obtidos no dito período como consecuencia dos subministro realizados ós usuarios incluíndo os que proceden de alugamento, posta en marcha, conservación, modificación, conexión, desconexión e substitución dos equipos e instalacións propiedade das empresas operadoras ou dos usuarios, utilizados na prestación dos referidos servicios, e en xeral, todos aqueles ingresos que procedan da facturación realizada polos servicios derivados da actividade propia da empresa operadora, así como os subministro prestados gratuitamente a un terceiro, os consumos propios e os non retribuídos en cartos, que deberán facturarse ó prezo medio dos análogos da súa clase.
- 2) Non se incluírán no concepto de ingresos brutos que proceden da facturación os impostos indirectos que os graven, nin tampouco os seguintes conceptos:

- a) As subvencións de explotación ou de capital, tanto públicas como privadas, que as empresas subministradoras poidan recibir.
- b) As cantidades que poden recibir por doazón, herdanza ou por calqueroutro título lucrativo.
- c) As indemnizacións esixidas por danos e prexuízos salvo que foran compensación ou contraprestación por cantidades non cobradas que se deberían de incluír nos ingresos brutos definidos anteriormente.
- d) Os produtos financeiros, tales como dividendos, intereses e calqueroutros de análoga natureza.
- e) Os traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado.
- f) O maior valor dos seus activos como consecuencia das regularizacións que realicen dos seus balances, ó abeiro de calquera norma que poida dictarse.
- g) As cantidades que proceden da enaxenación de bens e dereitos que formen parte do seu patrimonio.
- h) Os demais ingresos que proceden de conceptos distintos dos que se prevén no apartado 1 deste artigo.

Artigo 37.

- 1) O pagamento do importe das taxas verificarase por cada empresa operadora mediante declaracións-liquidacións mensuais a conta da declaración-liquidación definitiva, que se presentará no primeiro trimestre seguinte ó ano que se refira. As expresadas declaracións-liquidacións axustaranse ós modelos oficiais correspondentes.
- 2) Tales débedas poderán extinguirse total ou parcialmente por compensación con outros créditos ó seu favor.
- 3) O importe de cada declaración-liquidación mensual equivalerá á cantidade resultante da porcentaxe expresada no artigo 20, ó 1/12 porción dos ingresos brutos que proceden da facturación realizada no termo municipal do ano anterior.
- 4) De igual xeito, o importe da declaración-liquidación definitiva determinarase mediante a aplicación da porcentaxe expresada anteriormente á contía total de ingresos brutos que proceden da facturación da empresa durante o dito ano.

Artigo 38.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que por elas correspondan a cada caso, aplicarase o réxime regulado na *Lei xeral tributaria* en nas disposicións que a completan e desenrolan.

Disposición Adicional Única.

No prazo dun ano, contado a partir da entrada en vigor, desta Ordenanza, o Concello creará un rexistro especial no que se inscribirán todas as instalacións de emisión e recepción dos servicios de telecomunicacións existentes neste municipio. A inscrición rexistral realizarase de oficio ou a petición dos interesados e conterá os datos relativos ó titular da licencia e ás condicións impostas para a autorización da instalación.